

Lugo, doce do mes de Difuntos do ano setenta e tres.

Señor don Luis Seoane. A Cruña.

Meu querido amigo:

Acabo de visitar, por segunda vez, a túa Disposición de grabados da librería Alonso. Xa tes oito vendidos, catro grandes e i-autros tantos pequenos. Alí me dixo a irmá de José María que cecáis viñeses eiquí un día d-istes. Un dos teus grabados foi adequerido pró Museo. Aló está xa.

Supoño que xa haberás chegado ás túas mans o número do domingo do "Progreso", can ampra noticia ilustrada sobor de ti e máis da túa obra.

A túa disposición é moi visitada, especialmente por rapazas e rapaces estudantes.



O outro día estiven na Cruña, na cerimonia académica da recepción de Marino. O aito resultou moi ben. Canseime de saúdar a moitos amigos de toda Galicia. De volta, ceamos en Betanzos, sin agardar pol-o banquete da Academia. Por iso non poiden dispoñer de tempo pra me achegar á túa casa, como levaba pensado de intento.

Cas miñas agarramos lembranzas pra  
Maruxa, unha forte aperta.

*EN XEP*

Estiven en Santiago e falei con Domingo. Cecáis dispoña de unhas horas pra se achegar a LUGO e visitar a Exposición.

*(Aixel Fole)*